

Sobre as carencias

Manuel-Antonio reinterpretado

CIPRIANO LUÍS JIMÉNEZ CASAS

A interpretación que Fidel Vidal fai de *De Catro a Catro* supón, de certo, unha achega espléndida a Manuel -Antonio quen, en palabras do propio Vidal, “para determinados autores, acadou a categoría de personaxe máis próximo ao que se pode considerar figura estética; mais o que verdadeiramente e realmente é, é un personaxe conceptual”. Dous substantivos asociados, *mar e poeta* fixeron de Manuel-Antonio o chamado “poeta do mar”. Evidentemente poeta e mar significan a mesma cousa: “poeta da liberdade”. Tal e como apunta X. L. Axeitos ao prologar este libro; “nos anos vinte, a poesía de Manuel -Antonio queda rotulada como de vangarda, altruísta ou criacionista, a pesar das queixas do propio autor, refractario a ser encerrado nos estreitos lindes de calquera cousa”.

O “eu” é para Manuel -Antonio a súa razón de ser: “Repara en que eu, si son algo, son individuoalista. Máis: Primeiro que todo Eu. A min estame facendo a reo, todol-os días, a miña Terra. Logo a primeira razón d’o meu ser esta n’a miña Terra. Logo: TERRA SUPER OMNIA” escribía o rianxeiro en carta datada en Vigo o 4 de maio de 1921.

A vida, as carencias a perda (do pai), están asociados a un número: o catro. Así lemos en *De Catro a Catro*: “A alba intrusa... bateu as catro horas... Era o sino de proa que tronaba d’o Mar... a voz desarbolada... o velamio frustrado”.

VIDAL, Fidel, *O sol da tristeza*, Ed. Espiral Maior, A Coruña, 2011, PVP 12 €

